

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O
DIA 27 DE ABRIL DE 2015

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

MARIA PILAR GALLEGO CID

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA

MANUEL CID PÉREZ

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO

LOSADA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ

MARIA CONSUELO ÁLVAREZ MOSQUERA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as DEZANOVE HORAS (19.00) do día VINTESETE de ABRIL do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación, que substitúe á ordinaria do mes de abril, para incluír na orde do día o sorteo das mesas electorais que, necesariamente, por razón do calendario electoral, ten que efectuarse entre o 25 e o 29 de abril.

Non asiste á sesión a concelleira do BNG, OLGA QUINTANA DEVESA, que previamente excusou a súa asistencia por motivos persoais.

Sen incidencias.-

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 27/02/2014.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **ELECCIÓNS LOCAIS 2015.- Sorteo das mesas electorais.**
4. **Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).- Ratificación do Decreto do Alcalde de data 31/03/2015.**
5. **MOCIÓN DO BNG a prol do mantemento dos rexistros civís.**
6. **MOCIÓN DO PP sobre as novas contratacións de persoal para o servizo de recollida do lixo.**
7. **Rogos e Preguntas.**

---***---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 27/02/2014.**

Aprobase pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión nise intre, dos trece que legalmente integran esta Corporación local sen modificación algunha.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o alcalde.

3. **ELECCIÓNS LOCAIS 2015.- Sorteo das mesas electorais.**

Resultando que polo Real Decreto 233/2015, de 30 de marzo, convocáronse eleccións locais para o 24 de maio de 2015, e que, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, procédese á designación dos Presidentes e Vocais de cada Mesa Electoral, así como a dous suplentes para cada un dos membros da Mesa, mediante sorteo por procedemento informático aleatorio.

Resultado do sorteo:

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	1	A	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	DIEZ	RIVERA	CARMEN	33.336.160-Y
1º Vogal	BABARRO	CALVO	RAFAEL	34.915.512-V
2º Vogal	GUARDO	FERNANDEZ	Mª YOLANDA	15.381.208-G

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	CANEDA	FUENTES	MONICA RAQUEL	35.314.800-W
2º Presidente/a	GONZALEZ	NIETO	JUAN LUIS	34.997.090-Z
1º Vogal	CONDE	QUINTAS	SABELA	44.659.194-W
1º Vogal	BADAS	BOUZA	ASER	34.592.507-R
2º Vogal	GARCIA	RODRIGUEZ	MARIA	09.430.478-H
2º Vogal	FERNANDEZ	FERNANDEZ	RAFAEL	44.468.126-H

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	1	B	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	LOPEZ	BLANCO	JOSE JAVIER	43.678.515-C
1º Vogal	RODRIGUEZ	AIRAS	OSCAR	72.725.790-C
2º Vogal	PUIG	PAZOS	CARLOS LUIS	32.840.554-G

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	VARELA	MOSQUERA	JESUS	34.941.612-N
2º Presidente/a	MALVAREZ	RODRIGUEZ	XOAN CARLOS	25.064.232-M
1º Vogal	SIMON	QUINTAS	PABLO	29.033.229-F
1º Vogal	QUINTAIROS	CONDE	MARIA CARMEN	34.954.626-P
2º Vogal	PARADA	LOPEZ	MARIA ANTONIA	14.947.083-G
2º Vogal	QUINTAS	DE LA FUENTE	MARIA BEGOÑA	44.449.060-L

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	A	SANTA MARIÑA

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	POZA	TESOURO	SARA	15.390.310-K
1º Vogal	BOTANA	CHOREN	MARIA EMMA	44.445.437-F
2º Vogal	FERNANDEZ	BACEIREDO	AGUSTIN	34.594.683-S

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	BLANCO	CID	EVA	44.451.308-J
2º Presidente/a	RIBEIRA	CASCUDO	MARIA MANUELA	32.640.709-Y
1º Vogal	GONZALEZ	CID	JOSE ELIAS	34.977.160-W
1º Vogal	BOUZADA	ALBELA	JESUS ANTONIO	36.009.046-Q
2º Vogal	GONZALEZ	NIETO	JULIO MIGUEL	34.906.755-T
2º Vogal	FERNANDEZ	LOURIDO	CONSTANTINO	35.764.883-K

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	B	ACEA DE MEIRE

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	CID	FEIJOO	RAMON	34.607.545-C
1º Vogal	BARREIROS	BLANCO	ANTONIO	34.923.175-K
2º Vogal	BLANCO	PROL	ANA MARIA	76.723.962-X

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	MORALES	AÑEL	MIGUEL	34.984.651-H
2º Presidente/a	CID	VILA	ROBERTO	76.721.708-X
1º Vogal	BORRAJO	CENDON	TERESA	44.478.728-V
1º Vogal	CONDE	LOSADA	CANDIDO	76.709.378-P
2º Vogal	VILA	BARRIO	MANUEL	44.497.360-L
2º Vogal	CONDE	VILA	TAMARA	44.480.390-T

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	2	C	C.I.P. PADRE FEIJOO

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	ALVAREZ	RIVAS	MONSERRAT	44.461.127-B
1º Vogal	VIDAL	GOMEZ	MIGUEL	45.145.906-B
2º Vogal	VILA	MENOR	TERESA	76.717.290-P

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	ALVAREZ	RODRIGUEZ	ASER	34.982.670-S
2º Presidente/a	FERNANDEZ	SOUSA	ALEIXO	44.489.334-C
1º Vogal	CARBAJALES	OTERO	ANTONIO	44.469.270-N
1º Vogal	PEREZ	MARTINEZ	CARMEN	34.988.456-M
2º Vogal	SALGADO	BABARRO	LETICIA	44.487.200-W
2º Vogal	MARTINEZ	LOSADA	FRANCISCO	15.339.540-N

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	3	A	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	DOPICO	MANIVESA	ALBA	32.675.121-X
1º Vogal	CID	FEIJOO	ADOLFO	34.596.273-H
2º Vogal	GONZALEZ	ALONSO	ELISABETH	44.487.913-W

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	BOUZAS	GONZALEZ	FERNANDO FAUSTO	76.700.194-R
2º Presidente/a	FERNANDEZ	PEREZ	LINO	76.712.546-W
1º Vogal	GALLEGO	VALENCIA	RUTH	34.990.020-M
1º Vogal	CONDE	CID	MANUEL	44.487.637-W
2º Vogal	FERNANDEZ	QUINTAS	JOSE MIGUEL	50.171.184-L
2º Vogal	CID	DOMINGUEZ	RAFAEL	76.722.798-L

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
1	3	B	IES

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	RUIZ	ALONSO	CLEMENTE	11.790.633-M
1º Vogal	ORTIZ	BOUZADA	JACOBO	44.482.696-Y
2º Vogal	ROSA	CID	ANA	34.959.621-N

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	VAZQUEZ	VAZQUEZ	JAVIER	34.998.257-P
2º Presidente/a	OTERO	ALONSO	JOSE MANUEL	44.476.762-Y
1º Vogal	VICENTE	MANZANO	MARIA TRANSITO	11.700.401-W
1º Vogal	LOSADA	MIGUEZ	MILAGROS	34.954.986-T
2º Vogal	REINALDO	SOUTO	MARIA ANGELES	34.930.369-Q
2º Vogal	PEREZ	LOPEZ	ESTRELLA	34.907.535-K

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	A	QUEIROAS

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	BEAS	VAZQUEZ	WENCESLA	46.222.326-P
1º Vogal	JIMENEZ	REYES	ERICO	43.610.975-P
2º Vogal	DOMARCO	PARDO	JOSE ALBERTO	34.973.284-J

SUPLENTE

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	RODICIO	SUAREZ	MIGUEL	45.143.921-G
2º Presidente/a	FERNANDEZ	PEREZ	JOSE LUIS	34.995.395-K
1º Vogal	BARRIO	VILA	RUBEN	44.477.992-V
1º Vogal	VILA	CAMBA	LAURA	44.469.369-L
2º Vogal	PIÑEIRO	PIÑEIRO	RAMON	44.471.090-S
2º Vogal	PIÑEIRO	GONZALEZ	JUAN CARLOS	15.998.827-G

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	B	TORNEIROS

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	MIGUEZ	ALVAREZ	FRANCISCO	44.492.129-D
1º Vogal	FERNANDEZ	ALVAREZ	MARIA JOSE	44.455.825-E
2º Vogal	MORALES	FERREIRO	MANUEL	34.925.036-L

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	FERNANDEZ	ALVAREZ	DAVID	44.481.511-V
2º Presidente/a	RODRIGUEZ	ALVAREZ	MARIA DEL CARMEN	34.948.164-D
1º Vogal	MARTINEZ	GONZALEZ	ROBERTO	44.495.835-N
1º Vogal	ALVAREZ	COELLO	MARIA DEL CARMEN	34.928.967-V
2º Vogal	BRETAÑA	MOVILLA	MARIA CARMEN	34.956.726-S
2º Vogal	COELLO	PRIETO	JAVIER	44.467.654-Y

DISTRITO	SECCIÓN	MESA	COLEXIO ELECTORAL
2	1	C	AMIADOSO

TITULARES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
Presidente/a	VAZQUEZ	PEREZ	LETICIA	44.496.050-C
1º Vogal	CONDE	BABARRO	ANABEL	44.496.897-Q
2º Vogal	FERNANDEZ	FERREIRO	MANUELA	34.944.558-Z

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
1º Presidente/a	DEVESA	DOMINGUEZ	MARIA	76.712.551-F
2º Presidente/a	BLANCO	MIGUEZ	RUBEN	44.472.892-T
1º Vogal	QUINTAS	DE LA FUENTE	PATRICIA	44.451.975-J
1º Vogal	CALVO	CALVO	MARIA DEL CARMEN	33.815.085-W
2º Vogal	DOMINGUEZ	FERNANDEZ	JUAN	44.475.310-A
2º Vogal	CID	CALVO	ASIER	44.499.687-T

4. Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).- Ratificación do Decreto do Alcalde de data 31/03/2015.

Da conta a concelleira de Benestar Social, Participación Cidadana e Cooperación exterior, Pilar Gallego Cid, sinalando que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios, que ven a substituír a convocatoria anual de axudas, modificou substancialmente a forma de financiamento dos servizos sociais polos concellos, reducindo máis do 50% as aportacións aos programas sociais das outras administracións, como xa se ten denunciado reiteradamente, o que obriga ao concello a facer un gran esforzo para manter a continuidade e a calidade dos servizos, convencidos de que o esforzo contribúe á calidade de vida dos veciños, esforzo que se seguirá mentendo con programas que non contan con financiamento externo como o xantar sobre rodas, ou os programas preventivos de dinamización de maiores, cos obradoiros terapéuticos e outros programas de maiores, as aportacións á emerxencia social, ou os programas de igualdade facendo fincapé na prevención á violencia de xénero e na inserción laboral das mulleres; apoio a persoas con discapacidade, aportando persoal específico ou facilitando o mantemento de espazos. O financiamento dos servizos sociais comunitarios cubre a metade do salario da traballadora social e o copagamento de usuarios de axuda no fogar, valorados pola dependencia nun total de aproximadamente 75.000 € sobre un orzamento total para servizos sociais de 354.343 €, esa diferenza correspóndese coa achega municipal propia, complementada pola aportación dos usuarios e as aportacións de 18.000 e 15.000 euros, aproximadamente, para cofinanciar o salario dunha educadora social e para a prestación básica de axuda no fogar por parte da Deputación Provincial; cantidades moi insuficientes establecidas para os concellos de menos de vinte mil habitantes sen ter en conta o número de programas implementados en cada municipio. Neste contexto, a Alcaldía acordou con data 31 de marzo de 2015 solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento por un importe total de 75.191,80 € co detalle que se indica no Decreto que se reproducirá literalmente na parte dispositiva do acordo.

Por parte do grupo municipal do Partido Popular non hai intervención expresando a súa conformidade coa solicitude.

Polo exposto,

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión nise intre, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

Ratificar o Decreto de data 31 de marzo de 2015, co seguinte teor literal:

ASUNTO: Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).

Visto o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985. de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

1.- Aprobar o Proxecto anual de Servizos Sociais comunitarios municipais (PASSCM).

2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal reguladora no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral é de 75.191,80 €, co seguinte detalle:

- Persoal	15.013,00 €
- Axuda no fogar:	
Modalidade para persoas valoradas como dependentes:	60.178,80 €

3.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.

4.- Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual prestado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2015 na contía de 279.151,95 € que supón unha porcentaxe do 78,78 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5.- Dese conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación. O Alcalde. Asdo: Francisco García Suárez. Dou fe, o secretario.

5. MOCIÓN DO BNG a prol do mantemento dos rexistros civís.

Tendo en conta a nova que ven de difundir na súa páx. Web o Ministerio de Xustiza que deixa sen efecto a entrada en vigor prevista para o vindeiro 15 de xullo da nova regulación dos rexistros civís, entende o Alcalde que o obxectivo da moción está cumprido pola suspensión desta medida e polo tanto o BNG retira a moción.

O grupo municipal do Partido Popular está conforme coa decisión de retirar a moción.

O Alcalde afirma, non obstante, que seguirá vixiante na posición expresada na moción porque, con tanta dispersión de poboación como hai en Galicia, centralizar este tipo de servizos nas capitais da provincia, ademáis de gravoso, é un retroceso importante que non é lóxico. Recorda que mesmo a Fegamp ofreceu que os propios concellos, como administración mais próxima, poideran prestar estes servizos.

6. **MOCIÓN DO PP sobre as novas contratacións de persoal para o servizo de recollida do lixo.**

Da conta a portavoz do grupo municipal do Partido Popular, Luz Doporto Real, da moción de data 11 de marzo de 2015, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, co seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Polos medios de comunicación tense coñecido, por parte deste Grupo Municipal do Partido Popular, da intención do grupo de goberno de contratar persoal para o servizo de recollida de lixo do Concello de Allariz.

A selección de persoal debe acomodarse de conformidade co establecido na lexislación aplicable, Estatuto Básico do Empregado Público, lei de función pública de Galicia e demais normativa, aos principios de igualdade, mérito, capacidade de publicidade.

Así mesmo tense coñecemento da existencia de restricións en determinados ámbitos para poder levar a cabo novas contratacións por aplicación da Lei de Presupostos Xerais do Estado

Polo exposto anteriormente,

SOLICÍTASE

1. *Estúdese pormenorizadamente e dese conta ao Pleno do Concello de Allariz sobre a posibilidade de realizar novas contratacións de persoal para o servizo de recollida de lixo conforme á normativa actual por tratarse ou non de supostos permitidos.*
2. *Dese a maior publicidade posible ás convocatorias de prazas xa sexan temporais, indefinidas, de interinidade ou funcionariais, **polo tanto, e recálcase tamén no caso de contratacións temporais**, para que os veciños de Allariz, entre outras persoas interesadas, poidan coñecer con suficiente transparencia e tempo, as bases das convocatorias de selección de persoal que teñan lugar no Concello de Allariz, publicando as devanditas convocatorias non só no Boletín da Provincia, ou demais Boletís oficiais que sexa obrigatorio, se non tamén na páxina web do Concello de Allariz, e de ter contratados servizos de publicidade en medios de comunicación, tamén nestes.*

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que, debatir sobre un suposto que non está enriba da mesa, non parece axeitado. O BNG –afirma– discrepa profundamente da política que está aplicando o Partido Popular en relación á contratación pública que lle afecta non só aos concellos que teñan ou non plan de axuste, porque a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado prohíbe expresamente novas contratacións e polo tanto os concellos veñen sufrindo esa dificultade mesmo para poñer en marcha novos servizos a pesar da situación de desemprego importante que hai. Reitera que o concello aspira a que o novo servizo de tratamento de recollida do lixo xenere unha maior actividade económica, en vez de ter que pagar a Sogama a importante cantidade de euros que se está pagando polo suposto tratamento do lixo, podendo facer eiquí a separación e tratamento das diferentes fraccións e que xeneren actividade económica, pero calquera incremento da plantilla de persoal deberá ir reflexada nos orzamentos municipais co estudio correspondente e deberá ser contemplada na plantilla correspondente aprobada pola Corporación. No caso de que se producira esa circunstancia, procederíase de acordo coa propia legalidade e, desde logo, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade. Por outra parte, sinala, o

gran obxectivo do concello nestes intres ten sido que a plantilla municipal en ámbitos tan importantes como o grupo de intervención rápida, axuda no fogar, oficina de rehabilitación, servizo de orientación, axente de desenvolvemento local, que quedaron sen financiación, porque se eliminaron as partidas que as sustentaban, desde o ano 2012, chegouse a un acordo cos traballadores municipais para reducir parte das xornadas, e o gran obxectivo, insiste, é recuperar a posibilidade de contratar ao 100 por 100 este persoal, na medida do posible, se hai financiación, e tamén se varía a prohibición que impón actualmente o Estado. Polo tanto, conclúe, non hai unha previsión de incremento de persoal, o cal non quere dicir que o concello non poda acudir ás diferentes convocatorias de axudas como son os obradoiros de emprego, fondo de compensación ambiental, programas de limpeza e desbroce, pero non hai prevista, reitera, a contratación de novo persoal para a implantación do novo servizo de lixo, porque que se vai prestar con medios municipais e se, de cara o futuro, se necesita incrementar o persoal necesario será a través da correspondente consignación nos orzamentos municipais. En definitiva, o BNG non é que esté en contra da moción senón que, como antes pasou en relación aos rexistros civís, non hai razón para entablar un debate sobre unha premisa que non existe.

A portavoz do grupo municipal do Partido Popular comenta que ao mellor a nova que se publicou inventouna o periódico La Región.

O Alcalde reitera que calquera contratación que haxa que facer por parte do concello terá que vir reflexada na plantilla de persoal e nos orzamentos municipais, o cal non quita que poda haber peticións de axuda económica ó abeiro das distintas convocatorias de subvención que fai a Xunta de Galicia, como xa dixo, para fomento do emprego ou para distintos programas como é o caso do RISGA que teñen os seus propios procedementos de selección, como acaba de acontecer recentemente. Reitera, nega a maior: non hai previsión de incremento da plantilla de persoal para a contratación de traballadores para o tratamento e recollida do lixo.

A portavoz do Partido Popular pregunta se se contrataron esas cinco persoas que se citan en La Región para este fin.

O Alcalde insiste en que non se contrataron. Explica que a Xunta de Galicia deixou aberta a posibilidade de contratación de persoal de emerxencia que son as persoas que están no programa de renda de inclusión social de Galicia (RISGA) que son as que en función do número de habitantes do concello se poido formular solicitude para esa contratación, de común acordo coa Consellería de Traballo e Benestar Social. O concello fixo unha solicitude do número máximo de prazas que se podía contratar, que son cinco, e nese proceso houbo unha selección de cinco persoas cun contrato de perceptores de RISGA que están na área de medio ambiente facendo labores complementarias de limpeza, de xardinería, de desbroces... Reitera o compromiso de que se hai necesidade para implantar o programa de selección das fraccións do lixo de acudir a novas contratacións, as mesmas deberán estar incorporadas na plantilla do persoal a través dos orzamentos correspondentes. Pero –insiste– a disconformidade coa moción non radica en que estén en contra de que se apliquen eses criterios senón que non existe tal suposto de discusión.

Non está prevista ningunha contratación de persoal que deba figurar na plantilla e nos orzamentos actuais, conclúe.

Entonces, sinala a portavoz do Partido Popular, o seu grupo podría facer unha proposta de solicitar que se se dera ese suposto se suprima a referencia ao servizo de recollida do lixo e se faga para calquera contratación en xeral que se faga no concello, de maneira que se recolla a obriga de publicidade e tamén o punto 2 da moción. Non entende por qué, con esa variación, non se pode aprobar polo Pleno, porque a igualdade de oportunidades é unha cuestión de transparencia.

Porque eso é o que ven facendo o concello, sinala o Alcalde. Lamentablemente, explica, a última oferta de emprego que fixo o concello é de fai 3 ou 4 anos, que foi cando se cubriron prazas con carácter indefinido nas diferentes áreas e foi a través dun acordo pactado no ámbito sindical, ou cando se sacan prazas mediante concurso para cubrir prazas vacantes, e obviamente hai que facelo de acordo coa propia legalidade, polo tanto debatir sobre algo ao que o concello está obrigado e o ven facendo, non parece axeitado. Se o Partido Popular quere prantexar outra moción pode facelo noutro pleno pero, neste caso, no suposto do que se parte, é un suposto inexistente, xa que non hai previsión algunha por parte do concello de contratar cinco novas persoas, se así fora, se houbera necesidade, están de acordo en que debería figurar previamente na plantilla municipal e nos orzamentos. Como este suposto non está enriba da mesa pide que non se lles obrigue a votar en contra sobre algo co que o grupo de goberno xa está de acordo.

A portavoz sinala que non vai retirar a moción porque considera que ten dereito a facelo.

Seguidamente, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

SI: 4 (PP)
NON: 8 (BNG)

Non se aproba a moción.

7. Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

7.1 O domingo de pascua celebrouse a **procesión do encontro**, unha procesión que se ven celebrando desde tempo inmemorial. Sen embargo, a pesar delo, entre os actos programados para a Semana Santa, fíxose coincidir a actuación da banda de música coa procesión do encontro, o cal non parece moi axeitado, sinala, tendo en conta que se celebra todos os anos esta procesión. Esta circunstancia propiciou que persoas presentes na actuación da banda

de música fixeran mofas e desprezos ás persoas que paticipaban na procesión o cal constitúe una manifestación de falta de respecto para os que son e somos creentes. Considera moi grave o que aconteceu e solicita que non volva ocorrer; e que se poñan os medios para que non se fagan coincidir os dous actos sobre todo cando se sabe que todos os anos se celebra a procesión a unha hora determinada. Solicítao e esixeo porque cree que todos merecen respecto, que se teña en conta e non volva ocorrer.

Responde o Alcalde sinalando que si algo ten demostrado a Semana Santa en Allariz ten sido o respecto e a convivencia entre aqueles que teñen a súa lexitima creenza, como calquer outra creenza persoal, e aqueles outros que disfrutan tamén do entorno do casco histórico e cuxas actividades se desenvolven en harmonía sen que haxa ningún tipo de interferencia nese senso. A procesión do encontro non é tan inmemorial como se afirma, xa que é bastante recente, pero existiu un acordo ao coñecer o percorrido que se pretendía facer e mesmo foi suspendido o concerto durante un lapsus de tempo para permitir a realización do propio encontro de acordo cos organizadores da procesión. De cara o futuro está de acordo en seguir mantendo a política de respecto mutuo y de facer programacións que non interfiran; de feito, na Semana Santa, él mesmo o vive, na propia praza maior hai un acordo para que durante a celebración dos actos relixiosos as actuacións musicais normalmente rematan, e neste caso non hai outro ánimo que non sexa de respecto recíproco, pero tampouco se vai impedir a celebración da actividade cultural-festiva e mesmo turística que se desenvolve en Allariz condicionada exclusivamente á actividade relixiosa nin ó revés. Recorda que mesmo este ano se unificou a participación de homes e mulleres nunha única procesión que se desenvolveu con absoluta normalidade e a vontade desde o Concello é coincidente co rogo que se expresa: que se teña respecto á tradición da celebración da Semana Santa desde o punto de vista relixioso e polo tanto así se fará de cara o futuro na programación que se desenvolva.

Sobre o carácter inmemorial sinala o concelleiro Sr. Rodicio que a procesión leva varias décadas celebrándose.

7.2 Sobre a petición da relación de **obras** feitas ao longo desta lexislatura **nos núcleos rurais** que, en efecto lle foi entregada, solicita qué obras foron **remitidas á Comisión de Patrimonio Provincial** e, ademais das obras feitas nos núcleos rurais, [das feitas] na Vila, en Allariz capital, cáles foron remitidas á Comisión de Patrimonio Provincial, excluindo evidentemente as do Casco Histórico que non é necesario remitilas.

Responde o Alcalde sinalando que se estudiará e contestarse próximamente.

7.3 Recórdalle ao concello a obriga que de **manter en bo estado de funcionamento as instalacións dos diferentes equipamentos municipais, concretamente na Casa da Cultura**, as instalacións non están en condicións, e deberían estar sempre en

condicións, afirma. As obras non só deben existir senón que se deben manter, tanto as de infraestrutura como as instalacións.

Responde o Alcalde sinalando que o concello ven mantendo regularmente o conxunto do patrimonio municipal, tamén a propia Casa da Cultura, na que se teñen feito melloras substanciais de equipamento de son, ampliación do escenario, mesmo para este ano está previsto renovar as cortinas existentes; tamén se fixeron obras de mellora no hall, pero como o espazo da propia Casa de Cultura xa data de fai bastantes anos, tense diversificado ás súas actividades noutros espazos como é a Casa da Xuventude, pero sen prexuízo desta diversificación, está de acordo en seguir mantendo as instalacións da Casa da Cultura nas mellores condicións.

Replica o concelleiro que o seu grupo pudo constatar fai uns días ... (non é posible abrir un debate no turno de rogos e preguntas, interrompe a intervención o Alcalde).

7.4 Estase facendo o **rexuntado de lousas de granito na rúa que descorre fronte ás instalacións da piscina** e, así como o concello lles pide aos particulares que cando fan o encintado das fachadas das súas casas para que garde a relación e teña correspondencia co granito da fachada, o Concello debería facer o mesmo nas obras de urbanización que leva a cabo, e o encintado e rexuntado que se está facendo en fronte da piscina faise cun cemento gris que desentona totalmente coa pedra que alí hai, por eso solicita que se faga un rexuntado acorde coa pedra. Tamén solicita **que se lle dé unha solución as lousas de granito que están situadas fronte á fábrica de Vilanova**, porque aquilo parece unha serra, por eso aproveitando que se están facendo as obras no resto da rúa, que se dé unha solución a estas lousas, xa que os vehículos van saltando, e necesítase unha reparación urxente.

Por se acaso **recorda que xa non se está en época de inauguracións**.

Responde o Alcalde sinalando que o problema que ten a rúa Vilanova neste tramo é que esa pavimentación en pedra é bastante recente, branca, de canteiría, dura, sen a textura do resto do granito e do resto do empedrado, pero os criterios utilizados polos técnicos municipais, entende que son os adecuados; por certo, mesmo coa humidade existente nesa pavimentación, seguramente en moi pouco tempo o grao de uniformidade entre o formigón e a pedra vai ser grande. En relación co outro tramo, é certo que cando que se rehabilitou a ponte románica houbo un debate intenso porque, efectivamente, a ponte medieval gañaría un pouco mais se se mantivera o pavimento que ten por debaixo. Finalmente optouse por non sacrificar totalmente a circulación, posto que estaba o aparcamento de Vilanova, e tamen o acceso peonil, e o desnivel que hai nas lousas, fronte á fábrica de Vilanova, ten a virtude de mostrar o paso da historia, e tomouse ese criterio para reducir na medida do posible o tránsito de vehículos, porque entendouse que era importante realzar o carácter histórico desta calzada. É un criterio que pode ser discutible, admite, como outros pensan que ben se podería pór un pavimento que permita o desprazamento con maior comodidade. Estase facendo na rúa Vilanova porque eiquí non se dan as

mesmas razón que hai na ponte románica, e o encintado existente fora desaparecendo e podía provocar mesmo accidentes no tránsito peonil porque os vehículos transitan polo aparcamento.

Sobre a suxerencia de que non se proceda ás inauguracións, está de acordo, o cal non debe impedir que se abra o Festival Internacional de Xardíns o día 17 de maio, acto ao que están todos convidados, no que non vai falar o Alcalde nin concelleiro algún, pero tampouco ten que impedir que, unha vez rematadas as obras dos vestiarios da piscina, o día 1 empecen a ser usados polos veciños. Recorda que no caso do festival é unha coincidencia absoluta xa que cada ano se viña facendo nestas datas, pero variarase o acto para que non haxa controversia ao respecto e serán protagonistas os paisaxistas e os participantes. Están de acordo en cumprir a normativa existente en relación á non inauguración de instalacións en período electoral.

Reitera o concelleiro Sr. Rodicio que se revisen os criterios de urbanización.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás dezanove horas e trinta e sete minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO